



**Placa na súa casa de Bispo Aguirre**

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) descubriu unha placa na honra de Isidro Novo na casa na que viviu por última vez, na rúa do Bispo Aguirre, 10.



**Mostra do seu mundo**

Unha exposición amosou obxectos relacionados co seu labor de escritor e coa súa vida. Entre eles, atopábanse libros, fotografías e cadros que lle dedicaron amigos artistas.



**Recital de poesía**

Isidro Novo foi tamén recordado con poesía por outros autores, como Xoán Neira, María José Fernández, Paco Reixa, Cesáreo Sánchez Iglesias ou Luis Valle.

## Lois Pérez: «Isidro Novo era libre, caótico, hedonista, comprometido e independente»

- O escritor falecido este ano foi lembrado con poñencias, un recital e unha exposición nunha homenaxe en Lugo, a súa cidade
- Antonio Reigosa salientou o seu papel como animador de iniciativas relacionadas coa literatura oral e a cultura popular

### JAUREGUIZAR

sjaureguizar@elprogreso.es

LUGO. O escritor Isidro Novo volvveu ser palpable no Vello Cárcere de Lugo nunha mostra na que se amosaban orixinais da súa obra —entre eles, ‘Guía do bebercio lugués’—, ilustracións, fotografías e obxectos relacionados co seu labor creativo e vivencial.

Non faltaron as pinturas que lle dedicaron amigos como Lomartí, Bordell e Viki Rivadulla, e o seu fillo, Bruno. O escultor Matías Aguado chegou unha escultura inspirada no seu libro de relatos ‘Carne de can’. A mostra foi comisariada pola propia Rivadulla.

Lois Pérez apuntou que «a exposición é como era Isidro: libre, caótico, hedonista, comprometido coa lingua e a cultura, independente e non subordinado a ninha súa gloria».

A montaxe, ‘Tocar as mans de Isidro Novo’, formaba parte dunha xornada de homenaxe ao autor finado o pasado febreiro e organizada polo propio Pérez e más por Antonio Reigosa.

Ambos os dous moderaron unha mesa redonda na que Reigosa falou sobre o vínculo do autor coa literatura oral, «un mundo que el descoñecía, pero ao que se entregou con entusiasmo» dende que empezou participar nas polafías que el organizaba. O papel de Isidro neses encontros que se producían en vilas de toda Galicia era «buscar poetas populares da comarca con relevancia, áinda que non tivesen nada publicado».

Ocupábase de presentalos porque ás veces non eran coñecidos no seu lugar. A maiores, lía poemas de clásicos como Rosalía ou Cunqueiro.

«Nunca leu un poema seu», apunta Lois Pérez para remarcar a humildade do escritor lugués.

Antonio Reigosa rememora que a descuberta de Isidro Novo que máis o impresionou desvelouse «na última polafía nas Pontes, cando nos falou do poeta medieval García Rodríguez, que dá nome á vila». Inesperado foi tamén saber dun autor apelidado Cabana en Pontedeume. «Leu uns poemas inéditos», comenta antes de confesar que «era parente seu».

Ese traballo de procura facián «chamando a asociacións culturais, falando con xente de alí», indicou.

Tanto Reigosa como o homenaxeado promoveron numerosas actividades relacionadas coas letras faladas, como revistas orais e xornadas sobre mitos e lendas. O organizador da xornada lembraba onte que «ví todo de color, nunca en branco e negro».

Como exemplo citou ‘As Letras das Festas’, que se propuxo para desenvolver «en pleno San Froilán, polo que parecía unha arroutada, pero consolidouse. Isidro implicouse e, ao rematar cada edición, xa estaba propoñendo temas para a seguinte».

**QUIRÓFANO.** Isidro Novo foi tamén lembrado por outros amigos. Darío Xohán Cabana adentrouse nun ámbito íntimo para revelar



Rivadulla, Paco Martín, Cabana, Sánchez Iglesias, Reigosa e Lois Pérez, no acto de onte. VICTORIA RODRÍGUEZ

o acontecido cando foi operado a principio de ano no hospital da Coruña. Cabana comentou que, cando espertou da anestesia, atopou a Isidro na cama do lado.

Sobre a lendaria bonhomía do escritor lembrado onte, sinalou que sempre estivo ao lado dos amigos cando tiñan un problema.

No debate Xosé Henrique Rivadulla Corcón afastou o Isidro Novo escritor para atender ao Isidro Novo persoá.

Paco Martín comentou a relación de Novo coa cidade na que nacerá en 1951 e na que morreu este ano. O tamén escritor fixo referencia ao amor do poeta polo idioma, que se plasmou en glosarios como ‘Palabras con memoria’, unha iniciativa que xestionou para a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

Lois Pérez encargouse de ler un poema escritor polo exintegrante de Fuxan Os Ventos, Baldomero

### Hospital

Darío Xohán Cabana rememorou como, ao despertar dunha operación na Coruña, descubriu ao seu carón a Isidro Novo

### Lugo

Paco Martín referiuse a relación que tiña o autor con Lugo, a cidade na que nacerá en 1951 e na que morreu en febreiro

### Persoa

A bonhomía e a xenerosidade do escritor homenaxeado estivo presente na reflexión de Rivadulla Corcón

Iglesias, Mero, na memoria do escritor homenaxeado.

**RETRATO.** A xornada comezou con un ‘retrato robot’ de Isidro Novo feito por Luis Calvo e seguiu con Xosé Ramón Freixeiro Mato falando sobre o autor «no ronsel das palabras fuxidías». Yago Rodríguez Yáñez efectuou un achegamento intimista ao autor. Marica Campo ocupouse de comentar a súa poesía.

A xornada rematou coas actuacións dos grupos Tundal e Minhotos, e da cantante Pilocha. A maiores, houbo un recital poético no que participaron, entre outros, Xoán Neira, David Otero, Xosé Lois García, Lois Diéguez, Toño Núñez e Alberite Mornán.

Leron tamén as súas creacións Xoán Xosé Fernández Abella, Martiño Maseda, José Blázquez, Joaquín Carballido, María Xosé Lamas e Xosé Miranda.